

## **CONCELLO PLENO**

### **ACTA DE SESIÓN**

**ORGANO:** CONCELLO PLENO  
**ACTA NUMERO:** 2013/04  
**CARACTER:** ORDINARIA  
**CONVOCATORIA:** Primeira.  
**DATA:** 19 de marzo de 2013.

---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as vinte horas e cinco minutos do día **19 de marzo de 2013** reuniúse o Pleno do Concello en sesión convocada ao efecto con carácter EXTRAORDINARIO baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Fernando Suárez Barcia e coa asistencia das persoas que á marxe se indican:

#### **Presidente:**

D.Fernando Suárez Barcia (Alcalde-BNG)

#### **Concelleiros presentes na sesión:**

##### **Polo Grupo do B.N.G.**

D. Vicente Castro Reigosa Reigosa  
Dona Mari Luz Alvarez Lastra  
D<sup>a</sup> Ana María Martínez Fernández.  
D. Horacio Cupeiro Rodríguez  
D.Xabier Campos López.

##### **Polo Grupo do P.P.**

D.Manuel Valín Valdés.  
D<sup>a</sup> Azucena González Loredó.  
D<sup>a</sup> Maria del Campo López-Braña Freije

##### **Polo Grupo de U.P.R.I.**

D.Agustín Reymondez Gancedo.

##### **Polo Grupo do PSG-PSOE**

D.Eduardo Gutiérrez Fernández.

#### **Concelleiros ausentes na sesión:**

D<sup>a</sup> Maria Teresa González Piñeiroa.  
D.José Manuel Yañez Dablanca  
(disculpan a asistencia)

#### **Secretario:**

D. José Antonio Carro Asorey

#### **Interventora:**

D<sup>a</sup> Olalla Alvarez de Neyra Martínez

#### **Tco.Admón. Xeral:**

D.José Rodil Veiga

Comprobado que se da o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello, nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D.2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ao tratamento dos asuntos comprendidos na Orde do día:

**2013.01.10 APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTAS DAS SESIÓNS PLENARIAS ANTERIORES ORDINARIA DE 15 DE XANEIRO E EXTRAORDINARIA DE 29 DE XANEIRO DE 2013.**

A totalidade dos membros da Corporación recibiu nos seus domicilios fotocopia do borrador das actas correspondentes ás sesións epigrafiadas nos termos esixidos no artigo 80.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

A Corporación, por unanimidade dos seus membros, en votación ordinaria acorda prestarlle a súa aprobación sen modificación, adición ou enmenda algunha.

**2013.02.11.-EXPEDIENTE 1/2013 DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS.**

Por Secretaría dase lectura ao ditame da Comisión Informativa de 14 de marzo que se transcribe literalmente:

“Dase conta da proposta da Alcaldía que se transcribe:

“Vistos os documentos que integran o expediente (as facturas expedidas polas distintas emprseas así como a acreditación de crédito disponible nas partidas presupostarias de referencia ó nivel da bolsa de vinculación xurídica, apra poder facer fronte ao recoñecemento das obrigas).

Considerando que na súa tramitación se cumpren os requisitos que sinala a lexislación vixente nesta matgeria (art.60 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, o art. 50 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro e art. 448 do Real Decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril) e visto, asimismo, o Informe de Intervención de data 1 de marzo de 2013 ao procedemento a seguir de recoñecemento extraxudicial de créditos, coas observacións mencionadas no mesmo, propónse por esta Alcaldía, á Comisión Informativa informe favorablemente e, en consecuencia, ao Pleno desta Corporación teña a ben:

1º) Aproba-lo recoñecemento extraxudicial de crédito, por importe total de 2.235,65 euros, correspondente a gastos realizados en exercicios pechados.

2º) Que tal recoñecemento de crédito sexa con cargo ás partidas do orzamento ta e como se detalla no anexo do informe de Intervención

A Comisión, en votación ordinaria, por catro votos a favor (dos membros do Grupo Municipal do BNG) e tres abstencións (dos membros do Grupo Popular e do Concelleiro de UPRI, do Grupo Mixto) acorda ditaminar favorablemente a proposta da Alcaldía para adopción dos acordos indicados polo Pleno municipal.

Iníciase deliberación intervindo a Sra. González Loreda, concelleira do grupo municipal do PP, que anuncia que o seu grupo vai votar a favor, xa que se trata dun importe pequeno pero pregunta por qué no informe de Intervención consta a existencia de facturas pendentes de aprobación pertencentes a exercicios xa pechados.

O Sr. Castro Reigosa, concelleiro delegado de Facenda, explica que se trata de catro facturas, dúas delas dubidasas que xa non se acolleron no Plan de pagos, outra delas corresponde con un convenio coa USC que está pendente de aprobar pero os cartos están reservados, e a outra é da Xunta de Compensación do Polígono 10, que están a punto de resolver e se pechará nesas días. Resume que estas eran as catro facturas que quedaban a 18 de xaneiro de 2013.

A Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, en votación ordinaria acorda prestar aprobación ao ditame de referencia transcrito anteriormente nos seus propios termos.

### **2013.03.12.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA T19 REGULADORA DA TAXA POLO SERVICIO DE MERCADO.**

O Secretario procede a dar lectura ao ditame da Comisión informativa que dí:

“Pola Alcaldía dase a palabra á Sra.Interventora que realiza unha breve exposición da modificación que se pretende respecto da actual Ordenanza fiscal, deliberándose sobre o asunto por diferentes membros da Comisión.

Obra no expediente a proposta da Alcaldía na que se propón ao Pleno, previo ditame desta Comisión, a adopción dos seguintes acordos:

1º. Modificación da Ordenanza Fiscal T19 reguladora da taxa polo servizo de mercado no seu artigo 5.2, que onde dí: 2. Os postos fixos do interior do mercado municipal de abastos aboará a seguinte cantidade fixa ao mes: 36,70

euros, pase a dicir: “2. Os postos fixos do interior do mercado municipal de abastos aboarán a seguinte cantidade fixa por metro cadrado e mes: 3,00 euros. Os locais do primeiro andar aboarán un 30 % menos da cota.”

2º.Someter a Ordenanza, unha vez aprobada inicialmente polo Pleno, a información pública por período de 30 días hábiles dende a publicación do edicto no Boletín Oficial da Provincia. De non presentarse reclamacións neste prazo entenderase definitivamente aprobado o texto da Ordenanza Fiscal, debendo publicarse íntegramente e entrando en vigor no día inmediato seguinte ao da súa publicación.

Sometido a votación, por catro votos a favor (dos membros do Grupo Municipal do BNG) e tres abstencións (dos membros do Grupo Popular e do Concelleiro de UPRI, do Grupo Mixto) a Comisión Informativa acorda ditaminar favorablemente a proposta da Alcaldía referenciada para adopción dos acordos indicados polo Pleno municipal.”

Comeza a quenda de intervencións o Sr. Gutiérrez Fernández, concelleiro do PSdG-PSOE no Grupo Mixto, que anuncia que vai votar a favor xa que lle parece unha ordenanza máis xusta que a anterior.

Continúa intervindo o Sr. Reymóndez Gancedo, concelleiro de UPRI no Grupo Mixto, ao que lle parece xusto este acordo, aínda que lle gustaría que dende o equipo de goberno se seguira intentando, con ánimo igualitario, amañar ese déficit de 15.000€ e intentar equilibralo. Anuncia que vai votar a favor, refírese á actividade que se está a facer na praza de abastos, que non é unha actividade de índole cultural, como outras asociacións que poden dar déficit, xa que é unha actividade comercial e que ten unha intención lucrativa. Sigue insistindo en pedir xustiza para todos porque a quen repercuten os 15.000€ é ao conxunto de veciños de Ribadeo. Cre que é difícil pero levan 10 anos no goberno e pódense marcar unhas metas a seguir.

De seguido toma a palabra a Sra. González Loredó, concelleira do grupo municipal do PP, que anuncia que votarán a favor porque lles parece xusto e lóxico e o que pide é que fagan un regulamento para determinadas cousas e que haxa constancia de cómo se deben facer, que se controle o máximo posible, xa que hai veces que os postos non se axustan ás medidas, por exemplo as horas de montaxe e desmontaxe. Cre que a forma máis sinxela é que haxa un regulamento para adaptarse a él, e que haxa sancións. Gustaríalles que intentaran traballar un pouco nese sentido.

O Sr. Alcalde agradece a todos os grupos o seu apoio. Explica que, por un lado, están os postos de dentro da praza de abastos nos que non hai ningún problema de carga e descarga; e polo outro, dos postos do exterior, nos que si que pode haber problemas. Explica que, se se centra no interior, que é o obxecto desta ordenanza, traballan neste sentido para facelo un pouco máis

xusto. Comparte a opinión do representante de UPRÍ porque é certo que non é unha cuestión educativa ou cultural, na que se poida asumir déficit, senón unha cuestión económica que ven herdada dos tempos de cando era o abastecemento municipal único e agora queda como algo pintoresco, útil para os que están alí.

Continúa o Sr. Alcalde manifestando que considera que un punto importante fíxose fai un ano cando se amortizou a praza do celador da praza de abastos, que non se volveu cubrir, o que deu outros problemas que houbo que suplir coa policía local ou coa Interventora Municipal. É consciente de que intentaron reducir a diferenza que separa o custe dos ingresos, que segue a ser importante, pero non quita de que teñan que seguir traballando para que se vaia equilibrando. No que ten que ver co exterior do mercado, anuncia que se intenta e se está conseguindo. Considera que se están facendo avances, de feito, hai veces que por máis que se notifica á xente que ten que ter todo ao día e pagar para que lle renoven etc., ata que aparece a policía para impedir que monten, non pagan. Informa que non son maioritarios e, ao final, no 2012 só quedou unha persoa sen pagar.

Tras aclaracións da Sra. Interventora, o Sr. Alcalde corrixe e informa que non hai débeda do 2012.

O Sr. Alcalde admite que é moi complexo e os que gobernaron sábeno. Toman nota e seguen nesa liña pero aínda non chegaron á perfección, aínda que intentarán achegarse. Valora os apuntamentos que fixo a oposición.

A Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, en votación ordinaria acorda prestar aprobación ao ditame de referencia nos seus propios termos.

### **2013.04.13.-ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA ESTATAL DA ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA E A FEMP EN MATERIA DE INTERCAMBIO DE INFORMACIÓN TRIBUTARIA E COLABORACIÓN NA XESTIÓN RECAUDATORIA COAS ENTIDADES LOCAIS.**

Por Secretaría dase conta do ditame da Comisión informativa que dí:

“O Sr. Alcalde pasa a palabra á Sra. Interventora que explica que se trata de adherirse ao convenio marco para o intercambio de datos tributarios e que permitirá posteriores sinaturas doutros convenios moi útiles como por exemplo o de poder expedir no Concello certificados tributarios o que redundará nun beneficio para os veciños de Ribadeo.

Sometido a votación, previa deliberación, a Comisión Informativa, por seis votos a favor (dos membros do Grupo Municipal do BNG e do PP) e unha

abstención ( do Concelleiro de UPRI, do Grupo Mixto) acorda ditaminar favorablemente a adhesión ao convenio de colaboración de referencia para adopción de acordo polo Pleno Municipal neste sentido.”

O Sr. Alcalde explica que se trata dun convenio marco a través do que veñen en cascada outros convenios. Conta que hai outros convenios singulares, como o da recadación executiva da Deputación polo tanto non lles afectaría, aínda que hai outros moi positivos de cara á xestión interna do concello para poder obter certificados en tempo real, con certificación electrónica, de datos tributarios ou de suxeitos pasivos que teñen vinculación co concello de Ribadeo.

Tamén lle parece importante a posibilidade de que os veciños poidan vir ao concello a facer determinadas xestións de certificacións tributarias, que doutra maneira, terían que ir a Foz. Sabe que é recargar aos funcionarios de cousas alleas, pero hai que intentar achegar a Administración ao cidadán.

Intervén o Sr. Gutiérrez Fernández, concelleiro do PSdG-PSOE no Grupo Mixto, que manifesta que vai votar a favor.

O Sr. Reymóndez Gancedo, concelleiro de UPRI no Grupo Mixto, tamén anuncia que votará a favor.

A Sra. González Loreda, concelleira do grupo municipal do PP, anuncia que tamén votarán a favor, pero quere afezar a conduta que saíu na prensa vendendo que o concello ten novos servizos a través deste convenio que é marco, da FEMP, do Ministerio de Economía polo que se remite ao refrán “Al rey lo que es del rey y al César lo que es del César”. Di que cando as outras Administracións lle negan cousas o Sr. Alcalde riñe, polo que cando se fan as cousas ben quere que tamén o diga.

O Sr. Alcalde considera que o goberno, dende hai 10 anos, tamén se preocupa, hai cousas de recepción automática, pero o problema ven coas de concesión discrecional.

Sen promoverse deliberación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros, en votación ordinaria acorda prestar aprobación ao ditame da Comisión Informativa, mostrando conformidade en consecuencia á adhesión ao Convenio de referencia.

**2013.05.14.- CONTROL DOS ÓRGANOS DA CORPORACIÓN (ART. 46.2 DA LEI 7/1985, DE 2 DE ABRIL, REGULADORA DAS BASES DE RÉXIME LOCAL). DACION DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA. MOCIONS. ROGOS E PREGUNTAS**  
**MOCIONS:**

1. Do BNG sobre mantemento do servizo de teleasistencia.
- 2.-Do PSG-PSOE sobre a reforma da Lei de Bases de réxime Local prevista polo Goberno central.
- 3.-Do PP sobre o Día Internacional das Mulleres.

**DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DITADOS POLA ALCALDÍA-PRESIDENCIA ENTRE O 7 DE NOVEMBRO DE 2012 E O 28 DE XANEIRO DE 2013, NÚMEROS 230/2012 A 19/2013.**

Comeza a quenda de intervencións o Sr. Gutiérrez Fernández, concelleiro do PSdG-PSOE no Grupo Mixto, que pregunta a que se dedica a Asociación Fraternidad, no decreto 272/12.

A Sra. Álvarez Lastra, concelleira delegada de Cultura, informa que é a que xestiona o centro educativo de EDES.

O Sr. Alcalde puntualiza que se trata de nenos discapacitados de Ribadeo que van a esa asociación.

Continúa intervindo o Sr. Reymóndez Gancedo, concelleiro de UPRI no Grupo Mixto, que se refire ao decreto 264/12 sobre Servizo de Grúa para traslado da barredora, pregunta se a barredora non ten un seguro que cubra isto.

O Sr. Cupeiro Rodríguez, concelleiro delegado de Medio Ambiente, manifesta que entende que non.

O Sr. Alcalde cre que unha cousa é para os turismos e outra para este tipo de vehículos.

O Sr. Reymóndez Gancedo sinala que os tractores non son turismos e, sen embargo, téñeno.

O Sr. Alcalde di que o consultarán na póliza, pero determinados vehículos especiais non teñen este servizo cuberto.

O Sr. Reymóndez Gancedo refírese ao decreto 269/12, na páxina 6, sobre gastos en participación en Cultural, pregunta que é.

O Sr. Campos López, concelleiro delegado de Mocidade, explica que se trata da feira galega das industrias culturais, é un evento que se celebra a nivel galego anualmente dende 2008, e que concentra toda a creación cultural do ano en Pontevedra e é a primeira vez que asiste un grupo e artistas de Ribadeo, a través de Sonda Norte, pero coa colaboración económica do concello para facer fronte a gastos de dietas e desprazamentos.

O Sr. Reymóndez Gancedo destaca que suma 2.814 €. Pregunta se ían representando a Ribadeo.

O Sr. Campos López admite que non ten os decretos neste momento, polo que non sabe se suman esa cantidade, pero pensa que a cantidade era menor.

O Sr. Reymóndez Gancedo refírese a que a suma dos decretos de Sonda Norte é de 2.814€.

O Sr. Campos López explica que non todo ten que ver con Culturgal, xa que o traballo de Sonda Norte nos últimos meses contempla máis cousas que a presenza en Culturgal. Reitera que Sonda Norte é unha iniciativa municipal, unha plataforma aberta de xente nova de Ribadeo na que participa quen quere e na que están grupos de música, artistas, pintores etc. e quen asumiu os gastos en 2012 foi a concellería de Mocidade, aínda que agora teñen pensado constituírse como asociación.

Indica tamén que o gasto que ten que ver con Culturgal é sensiblemente menor, pero derívanse das actuacións desas persoas no Culturgal de Pontevedra porque entendían que era interesante que os artistas de Ribadeo tivesen a oportunidade de mostrar o seu bo facer artístico no evento máis importante que hai a nivel galego. Explica que é musical e de artes escénicas. Informa que na concellería de Mocidade traballan en liñas de apoio á mocidade que fai cousas a nivel creativo, dende que el mesmo se puxo ao cargo da concellería de Mocidade, de forma coordinada coa concellería de Cultura, polo que non hai duplicidade.

A Sra. Álvarez Lastra, concelleira delegada de Cultura, indica que considera que se traballa de maneira transversal con Mocidade, con Desenvolvemento Local, coa Escola de Música, etc. xa que son un equipo de goberno e nas áreas que se poida faise coordinadamente, non por compartimentos estancos.

O Sr. Campos López explica que, á parte do programa Sonda Norte, hai outros programas como Ribadeo Emprende que puxeron en marcha dende Desenvolvemento Local e Mocidade. Di que esta explicación ten que ver coa presenza de xente nova e artista ribadense no maior evento cultural galego do ano. Informa que se tratou do concerto Rúacital, arroupado con algún tipo de actividade expositiva ou escénica. Indica que para o próximo pleno informará do número exacto de persoas.

O Sr. Reymóndez Gancedo continúa a súa intervención referíndose ao decreto número 282/12, sobre depuración de erros contables, pregunta de que se trata. A Sra. González Loredó, concelleira do grupo municipal do PP, responde que se trata do recoñecemento extraxudicial de crédito.



A Sra. Interventora informa que é unha depuración de pechados. Explica que no capítulo de ingresos depurouse dende 1997 para atrás absolutamente todo, agás unha pequena débeda que teñen os concellos como consecuencia daquelas exposicións de Turgalicia que se facían en conxunto e que se seguen reclamando, pero todo o demais se depurou por entender que xa estaba prescrito. Dende o ano 1997 ata o 2006, depurouse todo agás os impostos delegados na Deputación, porque a día de hoxe aínda se están a contabilizar e ingresar impostos de 1997. De 2006 ata o momento, fíxose a depuración correspondente daquelas multas que se tiñan imposto a empresas como G.Cao e Construcciones Coto, que foron rebaixadas polos tribunais a 60.000€, polo que se eliminou o diferencial e depurouse parte dunha subvención do ano 2011, que figuraba pendente de ingreso pero que non foi executada na súa totalidade e tamén se depurou o que estaba pendente de ingreso correspondente á ordenanza de móbiles, xa que unha vez que foi derogada, non tiña sentido tela pendente de cobro.

Considera que a depuración de ingresos roldou o 1.600.000 €. Pola parte dos gastos, depuráronse uns 6.000 €, que era unha subvención que quedara pendente de pago duplicada do ano 2008, e tamén se depuraron dúas ou tres facturas duplicadas na contabilidade, pero non tivo lugar ningunha publicación porque non se procedeu a prescribir ningún dereito de terceiros.

O Sr. Reymóndez Gancedo refírese ao decreto número 271/12 sobre subvención ao CCA-ACISA de 12.000 €. Pregunta qué significa que poña “falta memoria de actividade”.

A Sra. Interventora explica que se concede a subvención condicionada á emenda do erro e informa que a documentación que falta foi aportada posteriormente.

O Sr. Reymóndez Gancedo pregunta se recibiu a subvención.

A Sra. Interventora explica que si, pero non do importe de 12.000€, xa que iso é o nominal do convenio que se asina co CCA, pero ao longo do exercicio vanse realizando reunións nas que se imputan gastos a ese convenio, por tanto ao final do exercicio xúntase a xustificación do CCA e dos 12.000€ e minórase aquilo que en conxunto se decidiu que asumía o concello directamente.

De seguido intervén o Sr. Valín Valdés, concelleiro do grupo municipal do PP, que se refire ao decreto 264/12 sobre gastos no pavillón polideportivo por uns paneis de resina por importe de 2.900€, gustaríalle saber o que é.

O Sr. Castro Reigosa, concelleiro delegado de Deportes, contesta que se trata dunha tarima de madeira que había no pavillón da rúa Alfredo Deaño que fai dous anos filtraba auga, porque é madeira contra o interior e contra o exterior e non estaba illado, e substituíuse.

O Sr. Valín refírese ao decreto 265/12 que fai referencia ao fallido obradoiro de emprego. Chámalle a atención que se as cousas non se fixeron ben dende o concello, é duro ver que hai un decreto de Asistencia Técnica mellora de solicitude de Escola Obradoiro, por 326 €. Cre que se se fan mal as cousas e encima se contratan os servizos externos van mal.

A Sra. Martínez Fernández, concelleira delegada de Desenvolvemento Local e Turismo, intervén e manifesta en relación a este asunto que é xustamente ao revés, xa que se se recorre a unha asistencia técnica de persoal especializado para que lles axude á preparación do proxecto é porque non teñen porque saber de todo, xa que de agricultura ecolóxica non hai ninguén no concello que poida asesorar. Polo que isto quere dicir que queren presentalo do mellor xeito e buscando sempre que poidan atender á súa solicitude, para que o concedan por méritos propios.

O Sr. Valín Valdés considera que sempre se dan e se denegan por méritos propios, e neste caso non se chegou a valorar porque estaba incompleta a documentación.

A Sra. Martínez Fernández puntualiza que se hai unha contratación externa é para que o asesoramento sexa na medida do mellor posible, non para intentar que deneguen o obradoiro de emprego, senón buscando redatar un proxecto cualificado e presentalo con tódalas melloras posibles e que se atenda a persoal especializado.

O Sr. Valín Valdés di que menos mal porque non puido ser peor.

O Sr. Alcalde remítese ao que acaba de dicir a concelleira de Desenvolvemento Local e cre que se non lle lo deron, referíndos ao Obradoiro de Emprego, non foi por méritos propios, senón por demérito da Xunta de Galicia, que de maneira espúrea e inédita, algo feito por motivación política, poñen na lista negra ao concello de Ribadeo.

Dí tamén o Sr. Alcalde que cre que xa podían encargarse o proxecto ao mellor equipo de biólogos da Universidade que nese caso había unha man negra que dixo que a Ribadeo nada, e así foi.

O Sr. Valín Valdés considera que xa se discutiu bastante ese tema.

O Sr. Alcalde informa que os decretos non se debaten.

O Sr. Valín Valdés considera que non pode ser que cando ao alcalde non lle gusta de que falan lles corte a súa liberdade de expresión.

Refírese tamén o Sr. Valín Valdés a que non pode permitir a actitude que ten o concelleiro de Mocidade cara a él mesmo e considera que ten que pedirlle desculpas, porque ninguén está buscando bulla, como apuntou “polo baixo” o referido Concelleiro.

O Sr. Alcalde pídlle, ao Sr. Valín Valdés, que se centre.

O Sr. Valín Valdés manifesta que non considera que isto sexa democracia e reitera que o obradoiro de emprego non o deron por negligencia do equipo de goberno e encima páganse 300 € a unha empresa para mellorar o proxecto. Dille que se mañá quere sacar un titular en prensa de que o Sr. Valín Valdés monta bulla nos plenos que o saque porque lle da igual.

Despois dun gran rebumbio e discusións entre o Sr. Valín Valdés e os concelleiros do BNG, continúa coa palabra o Sr. Valín que se refire ao decreto 269/12 e fai referencia a Asociación Sonda Norte. Matiza que non ten nada en contra da mesma pero chámalle a atención un convenio de 15.000 € coa Deputación xa que, á parte da habilidade do goberno para conseguir os cartos, cre que hai que fiscalizar e facer preguntas.

Manifesta que así o intentou explicar a algún dos membros e que uns entenderono e outros non, e incluso lle fixeron “vudú en facebook”.

Fai referencia a un decreto sobre 12 axendas feministas para Axenda Sonda Norte, quere saber de que se trata.

O Sr. Campos López, Concelleiro de Mocidade, considera que está mal formulada a redacción do referido decreto. Informa que foi un agasallo de 12 axendas do Observatorio da Mariña para a Igualdade que se mercaron para agasallar pola súa presenza no mercado de Nadal ás alumnas que participaron no caderno “Rachando Inercias”, para agradecerlles a súa colaboración.

O Sr. Valín Valdés pregunta a diferenza entre o Concello e Sonda Norte, xa que aparece un asesoramento, coordinación de actividades pola que unha persoa cobra. Tamén hai un factura moi grande relativa á presenza do Concello en Culturgal. Pregunta cal é a presenza do Concello á marxe de Sonda Norte.

O Sr. Campos López explica o funcionamento de Sonda Norte. Refírese á época cando o Sr. Valín era concelleiro de cultura, que tiña a opción de programar e decidir o que había que facer en cultura e mocidade. Agora el decidiu, en referencia a todo o que tiña que ver coa creatividade e coa actividade artística de Ribadeo, crear unha plataforma ou grupo aberto sen entidade legal, polo tanto non existe formalmente, non deixa de ser unha marca baixo a que operan todas as persoas que así o desexan, completamente aberta e facer política xuvenil doutra forma, e en lugar de decidir o concelleiro de forma paternalista o que hai que facer para a xente nova, o que se fai é xuntarse en asemblea na Casa da Xuventude en reunións ás que pode asistir calquera persoa, e nas que se decide qué se fai con cargo ao que ten que ver

coa actividade artística da xente nova, non a outro tipo de cuestións da política xuvenil do concello.

Explica tamén que, a partir de aí, hai proxectos que se desenvolven dende Sonda Norte e que o persoal do concello coordina directamente e outros que, pola natureza do proxecto, non é posible e óptase por outro tipo de fórmulas para facelos viables. Todos os gastos de Sonda Norte 2012 foron con cargo ao convenio de 15.000€ que se asinou coa Deputación de Lugo e, a partir de aí, ese é o funcionamento ordinario. Apunta que a interventora pode facilitar en calquera momento a relación de facturas do ano pasado e poden ver se son esaxeradas ou adecuadas co traballo desenvolvido.

El considera que son cantidades totalmente lóxicas, que non hai dispendio e que o traballo que se realiza é moi importante no que ten que ver coa autoestima da xente nova e co desenvolvemento das capacidades persoais e artísticas. Di que xa o explicou en varias ocasións, pero de forma fracasada, porque hai un documento con todas as actividades que se fixeron ao longo de 2012 e non ten ningún problema por seguir insistindo neso. É consciente das dificultades para comprender o que é Sonda Norte e cal é o seu funcionamento, polo que se optou por desvincular a actividade do colectivo do concello, polo que no 2013 vaise constituír como asociación cultural e terá a mesma relación co concello que calquera outra asociación.

O Sr. Valín Valdés reitera a pregunta pola presenza do concello en Culturgal, pola que cobra Nova Xestión Cultural S.L. 1.694 €, quere saber de que se trata.

O Sr. Campos López contesta que son os traballos da xestión e coordinación de Sonda Norte en Culturgal e a xestión do concerto e actividades que se fixeron nese evento.

O Sr. Valín refírese ao decreto 5.183 sobre Contencioso Administrativo, da procuradora Sra.Pando Caracena, M<sup>a</sup> Luisa. Chámalle a atención un deste Concello coa empresa France Telecom.

O Sr. Alcalde responde que son contenciosos derivados da anterior ordenanza que se derogou.

O Sr. Valín Valdés comenta o decreto 5.210 sobre unha festa final de campamentos de verán por 2.135€ que factura Tempus. Pregunta en que consistiu.

A Sra. Álvarez Lastra, concelleira delegada de Cultura, explica que son as actividades de verán que se fixeron nos campamentos e cre que non é a festa final concreta, que pode estar mal redactada, senón que será da última semana, dos campamentos onde os nenos pasaban a noite.

O Sr. Valín Valdés pide que se axeite máis a redacción. Considera que estas empresas, ao igual que OXEM, fan facturas moi xenéricas.

A Sra. Álvarez Lastra, informa que está na OMX o programa completo e desglosado dos campamentos de verán.

O Sr. Valín cre que é conveniente detallar todos os gastos porque é moi sinxelo. Refírese tamén ao decreto 277/12. Indica que cando comezou a legislatura o seu grupo pediu un ordenador portátil e déuselles un de 5ª xeración, que apenas se ve e ven que a Alcaldía comprou un, pero cre que por 500 € podía comprar un para os grupos municipais.

O Sr. Alcalde indica que comprou un ordenador porque se lle estragou o outro e, en todo caso, cando deixe de ser alcalde entregarao ao concello.

O Sr. Valín Valdés sigue insistindo en que podían ter un ordenador cada grupo político. Refírese a un decreto sobre un edificio que debía estar totalmente ilegal en urbanización Vista Canela, pregunta se cambiou algo neste asunto.

O Sr. Alcalde explica que entrou nun contencioso porque un particular denuncia que alí se fai unha obra, e unha vez enviada a policía e técnicos municipais, advirten que están facendo unha obra sen licenza municipal e que non é legalizable, polo que se incoa un expediente sancionador e outro de reposición da legalidade. Advírteselles que non ten solución e chegan ao final da vía administrativa e queda expedita a vía contencioso-administrativa. Cre que teñen 20 días para envialo aos xuristas da Deputación para que se fagan cargo do contencioso.

Rematada esta intervención dase por cumprido o trámite de dación de conta dos Decretos da Alcaldía-Presidencia.

## **MOCIÓNS.-**

### **1.- MOCIÓN DO BNG SOBRE MANTEMENTO DO SERVICIO DE TELEASISTENCIA MUNICIPAL.**

O Sr. Alcalde informa que na provincia de Lugo, Ribadeo é o concello que máis usuarios ten deste servizo, sobre todo pensado para xente maior con autonomía para poder vivir soa, e que da unha axuda para calquera contratempo que poidan ter. Dende fai máis de 20 anos, este servizo era sufragado integramente entre o Ministerio de Asuntos Sociais e a Deputación Provincial ata fai uns meses, que o Ministerio advertiu que paraba de asumir ese servizo.

A partir de aí, continúa explicando o Sr. Alcalde, xerouse unha fonda preocupación nos concellos e nos usuarios e a Deputación asumiu unha parte máis importante da que levaba asumindo ata ese momento para suplementar a falta de achega pública do Ministerio. O concello de Ribadeo comprometeuse a

asumir de entrada unha parte, sen prexuízo de que lle poida repercutir, porque entenden que é un erro grave prescindir dese servizo. Saben que o goberno galego dispón dun servizo semellante pero orientado a persoas dependentes, pero lamentan que o goberno galego non se implicara nesta proposta dialogada coa Deputación e outros concellos, e non quixera aportar nin un céntimo.

Esta proposta vai no senso de dicirlle ao Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade que rectifique o seu posicionamento.

O Sr. Alcalde procede a ler a moción literalmente.

“O servizo de Teleasistencia Domiciliaria comezou a funcionar en 1992 como recurso para permitir as persoas maiores permanecer no seu medio habitual de vida e manter o contacto co seu entorno familiar e social para mellorar o seu benestar evitando o seu desarraigo e asegurando a intervención inmediata de especialistas ante crises persoais, sociais ou sanitarias. Ante unha situación de risco os usuarios e usuarias da Teleasistencia Domiciliaria, premendo un botón que levan pendurado nunha pulseira ou nun colar, entran en contacto directo cun centro de atención continuada e especializada disponible as 24 horas do día todos os días do ano que mobiliza os recursos precisos para resolver a emerxencia aparecida.

O acceso sinxelo a un centro de atención, a intervención rápida en caso de crise, o contacto directo e permanente con especialistas, a mellora sobre o coidado da súa saúde e o seu benestar xeral, o incremento da seguridade e da tranquilidade, así como a redución da ansiedade e da preocupación, son algunhas das vantaxes da Teleasistencia Domiciliaria.

A provincia de Lugo rexistra un dos índices de avellentamento máis altos do estado do que non se escapa o concello do Corgo; porén esta situación tamén deixan en evidencia a necesidade de que dende as administracións públicas se aproben e reforcen políticas referidas a servizos dedicados ao coidado e protección dos nosos maiores, como é o sen/izo de Teleasistencia Domiciliaria.

1.537 lucenses son atendidos pola Teleasistencia Domiciliaria, dos cales 113 pertencen ao concello de Ribadeo. A maioría dos beneficiarios deste servizo na provincia son mulleres, concretamente 1.269, das que 939 viven soas e das que 815 son viúvas, e no 76,68% dos casos superan os 80 anos. Constitúen un grupo cunhas características moi determinadas que precisa dunhas atencións e duns coidados especiais dada a súa vulnerabilidade e fraxilidade; trátase de persoas non dependentes que *a priori* están excluídas da Lei da Dependencia e que sen este servizo quedarían totalmente desprotexidas.

Máis alá da valoración positiva que os usuarios e usuarias fan da Teleasistencia Domiciliaria, os datos ofrecidos pola súa xerencia avalan, tamén, a súa importancia e necesidade. Na nosa provincia, no ano 2011, a Teleasistencia Domiciliaria resolveu 780 emerxencias socio-sanitarias coa mobilización de

recursos públicos como o 061 ou 112 e recursos familiares e a central recibiu 34.298 chamadas dos usuarios e usuarias e realizou 63.027 para corroborar que todo era correcto. Sen este servizo moitas desas situacións terían tráxicas consecuencias.

Dados os beneficios recoñecidos polos usuarios e usuarias, familiares e especialistas do eido dos servizos sociais e da medicina, é importante garantir a permanencia da súa prestación, polo que non entendemos a decisión do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade de retirar a partida orzamentaria que, a través do IMSERSO, se dedicaba a cofinanciar nun 65 por cento este servizo, sendo o 35 por cento restante asumido polas deputacións provinciais. A decisión do Goberno do Estado de suprimir dita aportación é aínda máis incomprensíbel se se ten en conta o custe económico da Teleasistencia Domiciliaria cando o seu prezo é de 21,62 euros ao mes por usuario ou usuaria. A xustificación ofrecida polo Ministerio deixa claro que se trata dunha decisión arbitraria baseada en criterios subxectivos, porque non se atopa por ningures o "criterio de racionalización e de eficacia administrativa na distribución do orzamento" do que se fala dende o Goberno do Estado.

A Deputación Provincial de Lugo asumindo a necesidade de mantemento deste servizo remitiu unha proposta de acordó aos concellos da provincia para o financiamento do servizo no que incrementa a dotación orzamentaria destinada polo ente provincial do 35% ao 50% e propon aos concellos que asuman o 50% restante, esta iniciativa logrou a permanencia do servizo e que todos os concellos da comarca marina asinaron esta proposta e so catro da provincia renunciaran, aínda supoñendo un esforzó económico para os concellos, inexistente até o momento.

Esta solución non fai renunciar ao BNG a esixir do goberno do Estado o cumprimento das súas obrigas rectificando a decisión de retirar o financiamento existente até agora para este servizo, igualmente de non producirse esta rectificación ínstase á Xunta de Caliza a que as asuma como propias.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG do Concello de Ribadeo. solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

#### ACORDO

1. Instar ao Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade a rectificar o seu posicionamento e no caso de que non estea disposto, instar á Xunta de Caliza a que nos Orzamentos Xerais da Comunidade para 2013, habilite unha partida para este fin, facéndose cargo así das responsabilidades que o Executivo central se nega a asumir.
2. Dar traslado do acordó aos grupos políticos con representación no Parlamento

Galego e no Congreso dos Deputados.”

Intervén o Sr. Gutiérrez Fernández, concelleiro do PSdG-PSOE no Grupo Mixto, que manifesta que coñece o proceso xa que o primeiro servizo púxose sendo él mesmo alcalde, con menos asistencia e colaboración da Cruz Vermella de Lugo. Parécelle xusta a reivindicación polo que vai votar a favor.

Intervén a continuación o Sr. Reymóndez Gancedo, concelleiro de UPRI tamén dentro do Grupo Mixto, que manifesta que lle parece necesario o servizo. Non quere entrar en debates políticos, non ten a capacidade de saber a quen lle pertence a responsabilidade de facerse cargo disto, pero como ribadense parécelle moi ben que o concello pida a quen sexa, para aforrar na prestación do servizo. Pregunta cantos, dos 113 beneficiarios que existen, son dependentes.

O Sr. Alcalde responde que ningún, xa que os dependentes están na lista da Xunta, que está pechada porque ten un límite e cobra 5 euros ao mes.

O Sr. Reymóndez Gancedo comunica os datos calculados que estiman un gasto de 21,62 € ao mes por beneficiario.

O Sr. Alcalde indica que eses eran os datos do que estaban pagando á empresa que levaba o servizo.

O Sr. Reymóndez pide que o Concello regule este tipo de servizo en base á renda mensual da unidade familiar, porque o que está a pasar noutros concellos é que hai diferentes baremos, dende os que non pagan nada por cobrar por debaixo do salario mínimo interprofesional e outros que pagan 6€ ou 12€.

O Sr. Alcalde indica que están estudando esa posibilidade e non a teñen pechada, pero terán en conta o que cobran os usuarios.

O Sr. Reymóndez anuncia que vai apoiar a moción.

A continuación toma a palabra o Sr. Valín Valdés, concelleiro do grupo municipal do PP, que manifesta que supón que se trata dunha moción xenérica e resalta unha frase que di que “a provincia de Lugo rexistra un dos índices máis altos do Estado do que non se escapa o concello de O Corgo”, supón que vale o mesmo para Ribadeo.

O Sr. Alcalde refírese a que en Ribadeo tiveron en conta un estudio que fixeron para a residencia, onde resultou que o concello tiña unha taxa de envellecemento máis alto que a media.



O Sr. Valín considera que foi un tema bastante debatido e anuncia que o seu grupo vai votar en contra desta moción, porque lles parece demagóxica e aproveitan para dar “caña política” utilizando argumentos que convén ir rebatendo.

Fala do punto que se refire ao goberno central, recorda que o programa de teleasistencia ven dun convenio marco entre o Imsero e a FEMP do ano 1993, posteriormente fóronse engadindo, a través de convenios, Deputacións e Concellos e ao goberno central, no marco da situación que se vive actualmente, non lle é posible sufragar a parte que lle corresponde destes programas porque a competencia é doutras administracións, non do IMSERSO.

Di que debe prestarse polos servizos sociais das Administracións Públicas que son competentes a través da propia Lei de Dependencia. O goberno advertiu a provedores e administracións que ía retirar esa axuda para que cubriaran doutra maneira progresiva ese servizo, sen esquecer que a teleasistencia cubría ao 7% da poboación e que o resto estaba cuberto por outras administracións con máis medios.

Pero o goberno do PP non vai comprometerse e despois deixar as facturas no caixón, como fixo o PSOE e o Sr. Zapatero.

Refírese agora á Xunta de Galicia. Explica que no ano 2007 os que neste momento asinan a moción gobernaban co PSOE e dirixiron unha carta ás Deputacións Provinciais advertíndolles das modificacións no financiamento autonómico deste servizo. Informa que outras Deputacións asinaron acordos nos que se determinaba que quen solicite a valoración de dependencia ou lle sexa recoñecida, farase cargo a Xunta de Galicia, e de non ser así serían os concellos os que deberían facelo. Respecto á atención de teleasistencia que prestan as Deputacións está dirixida a persoas non dependentes, dado que o programa dirixido a persoas dependentes foi asumido pola Consellería de Traballo e Benestar.

Comenta que a Xunta incrementou no 56% o seu programa de teleasistencia, dende o 2009, e ten un 73% de dispositivos máis que no 2009. Con respecto á retirada do financiamento ás Deputacións, a Xunta colabora con todas as Administracións para buscar a mellor solución posible.

Do mesmo xeito, por parte da Xunta seguíase incrementando a teleasistencia en dependencia que se cre fundamental, polo que resulta insostible que se pida á Xunta que financie este programa, cando foi un anterior director de Acción Social o que remitiu unha carta aos concellos e Deputacións dicindo que no ano 2008 a presenza da Xunta nese convenio desaparecería e que deixaba de financiar este sistema para centrarse nun programa propio da Xunta que o novo goberno impulsou cun incremento do 60%, polo que lles parece que hai moita demagogia e van votar en contra.

Interven o Sr. Alcalde que dí que eses argumentos para motivar o voto en contra provócanlle tristura. Parécelle penoso xustificar que dende fai máis de 20 anos o Ministerio está a dar unha cantidade e agora que se diga que non

ten porqué facelo, nun momento difícil que moita xente non ten recursos. Denuncia a pasividade con que o PP e a Xunta abordaron isto. Quere dicilo en cordialidade e sen levantar a voz. Afirma que é mentira que a Xunta vaia abrir as listas da xente dependente e considera que a actitude do goberno do Estado é penosa. Cre que defender iso é lamentable.

O Sr. Valín Valdés volve dicir que é demagogia pura e volve ler os datos relativos a persoas dependentes da Xunta de Galicia. Repite que van votar en contra aínda que ao señor Alcalde lle pareza triste e penoso.

O Sr. Alcalde intervén de novo e dí que lle parece indigno polos 113 usuarios de Ribadeo, que representa ao segundo concello con máis usuarios da provincia, despois de Lugo. Denuncia que agora se quedaron sen a achega do Estado e o concello ten que asumir todo isto. Indica que os veciños xa saberán por culpa de quen é.

Sometida a votación a moción resulta aprobada con 8 votos a favor (dos concelleiros do grupo municipal do BNG, e dos concelleiros do PSdG-PSOE e UPRI no Grupo Mixto) e 3 votos en contra (dos concelleiros do grupo municipal do PP).

## **2.- MOCIÓN DO PSG-PSOE SOBRE A REFORMA DA LEI DE BASES DE RÉXIME LOCAL PREVISTA POLO GOBERNO CENTRAL.**

Dase conta da Moción que se transcribe:

“Nestes últimos meses o Goberno Central está a debater a reforma de Lei de Bases de Réxime Local. A reforma, tal e como está prevista polo goberno do Sr. Rajoy, é un ataque directo ao municipalismo, que é en quen reside e debe residir o poder local, por ser a administración máis próxima aos cidadáns.

A citada proposta de reforma xustifícase en aras á sustentabilidade económica, cando é radicalmente falso que os Concellos sexan os culpables do déficit Público, e moi especialmente os concellos de menos de 20.000 habitantes.

O citado proxecto de reforma alude aos beneficios da economía de escala e, consecuentemente, traslada a responsabilidade última da prestación de servizos as Deputacións, cando o certo é que nos Concellos todos somos conscientes de que é IMPOSIBLE que as Deputacións poidan

prestar os servizos coa calidade coa que os prestan os concellos galegos en xeral. Ademáis, o problema para determinar a calidade dos servizos que prestamos os concellos está baseado nunha cuestión na que non entra o argumentarlo no que se basea o Goberno Central: a FINANCIACIÓN e a DISTRIBUCIÓN DAS COMPETENCIAS. Este é o verdadeiro cabalo de batalla sobre o que hai que incidir. Non se trata de quitar ou poner unha determinada competencia. Trátase de estudar canto custa o seu financiamento e quen debe asumila.

É imprescindible ter en conta a casuística galega de distribución e dispersión dos Concellos e, sobre todo a cantidade de núcleos de poboación que ten cada Concello en Galicia, que en moitos casos supera o centenar. Estas peculiaridades fan aos concellos galegos completamente diferentes aos do resto do Estado, nos que a perda de servizos e de concelleiros farían que os vecinos perderán o único vínculo que teñen para reclamar solucións aos seus problemas sen que afecte ao aforro pretendido, xa que eses concelleiros que se pretende que desaparezan non cobran ou, no caso de cobrar, trátase de cantidades ridículas por asistencia a plenos que se celebran cada varios meses.

Para máis abundamento de que este argumento non ten ningunha lóxica, no propio documento de Reforma da Lei de Bases de Réxime Local, na Disposición Adicional 9ª, especificase que o número de asesores non poderá superar ao número de concelleiros. A conclusión é que se pretende eliminar a concelleiros que xeralmente non cobran, e se permite manter un cupo de asesores que sí cobrarían, polo que a argumentación de aforro económico termina sendo falaz.

En resumo, estamos a falar dun proxecto de reforma feito sen contar aos Concellos, e as costas dos representantes dos concellos tanto na FEGAMP como na FEMP e, polo tanto, para evitar este dano irreparable aos municipios, é polo que o Grupo Municipal do PSdG-PSOE de Ribadeo somete para a súa aprobación a adopción dos seguintes

ACORDOS:

PRIMEIRO.-Instar ao Goberno Central para que calquera texto de reforma de Lei de Bases de Réxime Local sexa elaborado co consenso da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) e se teñan en conta a propostas realizadas pola Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) en todo o referido á especificidade de Galicia.

SEGUNDO.-.Trasladar o citado acordó tanto ao Goberno de España como á FEMP e a FEGAMP.

O Sr. Gutiérrez Fernández, concelleiro do PSdG-PSOE no Grupo Mixto, non quere facer unha exposición previa xa que a problemática é coñecida e foi debatida na FEGAMP. Indica que o texto está inspirado nas distintas reunións dos órganos desa federación e o único que se pide é solicitar do goberno central que calquera texto da reforma da Lei de Bases de Réxime Local sexa elaborado co consenso da FEMP e se teñan en conta as propostas realizadas pola FEGAMP en todo o referido á especificidade de Galicia e trasladar o acordo ao goberno, á FEMP e á FEGAMP.

Comenta que hai unha proposta de emenda do PP que ven a dicir o mesmo, pero cambia a palabra consenso.

A Sra. López-Braña Freije matiza que o PSOE consensúa coa FEMP e pide a proposta da FEGAMP, polo que non entende a diferenza. O PP pide que se acepten as propostas das dúas federacións por igual.

O Sr. Gutiérrez non ten inconveniente en aceptala porque non están na cámara lexislativa.

A emenda do Grupo Municipal Popular é a seguinte:

“O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Ribadeo, presenta ante o Pleno da Corporación Municipal A SEGUINTE **ENMENDA DE SUSTITUCIÓN Á MOCIÓN** DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO SOCIALISTA, sobre a REFORMA DA LEI DE BASES DE RÉXIMEN LOCAL PREVISTA POLO GOBERNO CENTRAL

*“Instar ao Goberno Central para que o texto de reforma da Lei de Bases de Réxime Local sexa elaborado escoitando as propostas do municipalismo, tanto as enunciadas dende a Federación Española de Municipios e Provincias como daquelas emanadas dende a Federación Galega de Municipios e Provincias en atención ás especificidades propias da estrutura municipal galega.*

- *Trasladar o citado acordo tanto ao Goberno de España como á FEMP e á FEGAMP”.*

O Sr. Reymóndez Gancedo, concelleiro de UPRI no Grupo Mixto, considera que aínda que afecte á Lei de Bases de Réxime Local, tamén afecta aos gobernos municipais. Observa cousas boas na intención do goberno referente a un aforro duns 7.000 € e no que ten que ver con medidas de austeridade nos concellos, parécelle realmente ben, xa que nalgúns casos hai moitas desfeitas no manexo dos cartos públicos. Indica que se escoitamos ao PSOE, ten unhas

posturas sobre a disposición adicional onde di que o número de asesores non poderá superar o número de concelleiros e a conclusión real é que se pretenden eliminar concelleiros que non cobran e nomear asesores que si que cobran.

Parécelle que teñen razón. Refírese a que a reforma fai referencia á autonomía municipal e á capacidade dos concellos para dar resposta ás necesidades dos cidadáns. Se analizan diferentes posturas cre que o problema é a falla de consenso para facer a reforma por parte dos diferentes partidos políticos do territorio. Parécelle ben este acordo e anuncia que vai votar a favor.

A Sra. López-Braña aclara que non vai situar no mesmo nivel a FEGAMP que a FEMP, xa que cada unha ten a súas competencias e hai municipios que están nunha e non noutra. Quere dicir que na esencia da moción están de acordo porque a reforma que se pretende era algo que esixía a sociedade española, dada a complexidade que existe para acadar un sinxelo trámite, polo que a necesidade de obxectivizar o funcionamento da Administración xustifica esta reforma e, a partir de aquí, o PSOE xustifica certos temas nos que poden non estar de acordo, pero na busca deste consenso que ten que haber entre os que teñen responsabilidade de gobernar considera que teñen que votar a favor con esa pequena matización, de que o que hai que buscar é escoitar as propostas tanto da FEGAMP como da FEMP ou dos concellos e Deputacións provinciais que están afectados.

O Sr. Alcalde manifesta que no caso do BNG é pública a súa oposición a este borrador de cambio da Lei de Bases de Réxime Local e incluso hai mocións nese sentido, polo que non teñen problema por aprobar a moción principal e, se se quere a emenda do PP, pero non sen antes unha crítica a esta proposta, que por pretender cambiar moitas cousas o que fai é “matar moscas a canonazos” e tratar aos concellos por igual, cando cada concello é un mundo, eliminándolles competencias e deixándoos como simples entes tramitadores administrativos, para que outras entidades non tan transparentes en canto a xestión política gañen un peso inédito.

Parécelle aberrante.

Considera inxusto centrar o debate na cuestión dos salarios dos alcaldes. Refírese a que cada vez que pasa algo, os veciños van ao concello cando outras Administracións deixan de dar cobertura. Cre que deste goberno pode esperarse calquera cousa, como a sanidade que se xestionará dende Lugo.

Considera que se está indo ao modelo francés hipercentralizado, aínda que con el se tiveron perdas importantes pero funciona ben, mentres que aquí todo funciona mal nunha perspectiva negativa que axuda a enrarecer máis o ambiente, polo que confía en que isto se retire, porque non hai por onde collelo. Anuncia que van votar a favor.

Á Sra. López-Braña sorpréndelle este mitin ideolóxico que acaba de pronunciar o Sr. Alcalde.

O Sr. Alcalde considera que pode pronunciar o mitin que queira.

A Sra. López-Braña cre que ela tamén pode falar e dálle tristura escoitar o que acaba de dicir. Cre que o seu estilo non é faltar ao respecto, así que vai escoitar todo o que teña que dicir. Parécelle que hai que ser realistas e non perder o tempo nin os cartos do concello, que é do que trata esta reforma, de esixir aos concellos eficiencia e que se deixen de gaita e pandeireta e se poñan a traballar para o que necesitan os veciños.

Admite que a ninguén lle gusta que lle corten a carteira nin que lle digan que o está facendo mal, pero o certo é que a administración local neste país funciona mal e, para que empece a funcionar, téñense que recortar e esixir un cumprimento de certas medidas e uns mínimos, e asumir a responsabilidade do que se fai ou do que non se fai.

Considera que iso é a base desa reforma, xa que esa lei tivo moitos defectos despois de 30 anos, pero serviu para empezar a funcionar a estrutura deste Estado e agora chegou o momento de esixir a entidades locais e Deputacións; e seguirá ás Comunidades Autónomas e ao propio Estado, porque todos teñen que contribuír e o que se ven é a racionalizar. Indica que o BNG seguramente o faría doutra maneira pero a quen lle corresponde neste momento gobernar é ao PP e non por iso merece nin máis nin menos, só darlle tempo a demostrar se a súa reforma vai para adiante. Reitera que van votar a favor da emenda.

O Sr. Castro Reigosa, concelleiro delegado de Facenda, puntualiza que a reforma da Lei de Bases con aforro, mellor xestión e optimización de recursos parécelle unha boa idea, xa que a débeda pública non a producen os concellos, agás Madrid e Barcelona, xa que non emiten débeda pública, poden ter préstamos que teñen que pagar cada mes, cada trimestre ou cada ano e que non computan como tal, e figuran nos orzamentos esas amortizacións.

Respecto a que recortan as carteiras, matiza que os alcaldes e concelleiros do PP foron os primeiros en protestar e por algo recuaron, porque sentiron o mal dentro. Considera que a proposta é esaxerada e na modificación no reparto para aforros, os concellos grandes quedan como están e o número de asesores lonxe de baixar, sube. Pon como exemplo que o concello de Ribadeo tiña dereito a dúas dedicacións exclusivas máis e a un asesor e foi moi criticado.

O Sr. Alcalde intervén e manifesta que acepta os argumentos, pero considera que se a proposta está tan ben, non entende por qué van votar a favor dunha moción que o que pretende é que se faga todo con consenso. Cre o PP arde por dentro, como arden outras institucións por estes cambios. Parécelle que non queren que os veciños se decaten de que se lles deixan de prestar bos servizos ou se prestan en precario; polo tanto igual hai medo por iso.

Sometida a votación a Moción de referencia resulta aprobada por unanimidade de tódolos membros presentes da Corporación.

### **3.- MOCIÓN DO PP SOBRE O DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES.**

Dase conta da Moción que se transcribe:

“Como puxo de relevo a Carta Europea da Muller: "A discriminación, os estereotipos educativos, a segregación do mercado laboral, o emprego precario, o traballo a tempo parcial involuntario e a distribución desequilibrada de responsabilidades dos coidados familiares con respecto aos homes afectan as opcións de vida e á independencia económica de numerosas mulleres".

É indiscutible que a igualdade entre mulleres e homes ten un impacto positivo no crecemento económico, no emprego e na produtividade das empresas, e é imprescindible para mellorar as taxas de emprego, a competitividade e a cohesión social.

Malia que se produciron avances, as mulleres aínda teñen baixas taxas de actividade, traballan máis a tempo parcial que os homes e abundan máis nos traballos e sectores menos valorados, en xeral están peor remuneradas e ocupan un número menor de espazos de responsabilidade no ámbito laboral.

A discriminación salarial é un dos máis flagrantes exemplos da desigualdade entre mulleres e homes que, aínda hoxe, persiste no mercado laboral.

Existe unha brecha salarial entre homes e mulleres. En España as mulleres perciben un salario anual en torno a un 20 por cento inferior ao dos homes por traballos iguais ou de igual valor.

Ademáis, as dificultades de conciliación no ámbito laboral e familiar seguen afectando en maior grao as mulleres, e son moitas as que se ven obrigadas a renunciar a proxectos persoais e laboráis.

Mulleres e homes deben ter as mesmas oportunidades de desenvolver o seu proxecto vital e de facelo en condicións de igualdade.

Debemos progresar no desenvolvemento dun modelo de organización social máis aberta.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular no concello de Ribadeo eleva ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

1. Instar aos concellos de Galicia a elaboración e desenvolvemento de plans de igualdade e a impulsar a transversalidade de xénero no eido local de xeito que se garantan políticas públicas das que mulleres e homes se beneficien de forma equivalente e contribuíndo ao progreso e benestar da sociedade galega.
2. Instar ao Goberno do Estado e ao Goberno da Xunta de Galicia a que leven a cabo Programas de apoio empresarial a mulleres co obxectivo de fomentar o emprendemento feminino e o autoemprego.
3. Instar ao Goberno do Estado a que neste ano 2013 elabore un Plan Estratégico contra a Discriminación Salarial entre mulleres e homes co fin de identificar e erradicar a inxusta e inxustificable brecha salarial.”

Intervén a Sra. González Loreda, concelleira do grupo municipal do PP, que manifesta que considera que a moción se defende por si sola na exposición de motivos, xa que é un tema no que todos están de acordo, tanto no fondo como nas bases. Pretendía ser aprobada porque está presentada do día 20, antes do Día Internacional da Muller, e trata de reivindicar e facer unha petición nun aspecto concreto dos mil que se podían facer. Céntrase no eido laboral, xa que a preocupación polo desemprego neste momento é moi importante e, no caso da muller, a precariedade laboral e o desemprego agudízase. Le a parte propositiva da moción.

Continúa a intervención o Sr. Gutiérrez Fernández, concelleiro do PSdG-PSOE no Grupo Mixto, que considera que foron presentadas e aprobadas propostas moi parecidas en anos anteriores. Dí que lle parece ben e anuncia que vai votar a favor.



De seguido intervén o Sr. Reymóndez Gancedo, concelleiro de UPRI no Grupo Mixto, que dí que quere saber se é unha moción tipo do PP ou unha moción do PP de Ribadeo.

A Sra. González Loredó dí que o descoñece xa que o que a presentou foi o Sr. Yáñez Dablanca que non está, pero supón que si que é unha moción tipo.

O Sr. Reymóndez Gancedo considera que quen a redactou tiña que estar suspendido de emprego e soldo oito anos, xa que algo parecido xa se está facendo en Ribadeo e en moitos concellos de Galicia. Le algún punto da moción e indica que, en agosto de 2011, xa había subvencións para o emprendemento e emprego feminino da Xunta de Galicia. Dende decembro de 2012, na páxina web [www.la-moncloa.es](http://www.la-moncloa.es), existen axudas e apoio empresarial ás mulleres etc. Anuncia a súa intención de votar a favor, porque o fai no sentido en que está presentada a moción, pero gustaríalle que instara á Xunta de Galicia a que se faga cargo dos custos que teñen os concellos de Galicia para lograr que poidan facer a igualdade, que seguira co apoio que veñen facendo dende 2011, e que ampliara as partidas destinadas a ese apoio. El insistiría en que se controlase se as empresas levan a cabo un programa de igualdade e que se sancionase para que o 20% de diferenza se eliminase.

A Sra. Álvarez Lastra, concelleira delegada de Igualdade, intervén e manifesta que dende o BNG van apoiar a moción, pero quere facer algunha matización. Comparte co Sr. Reymóndez que hai concellos, como o de Ribadeo, que xa teñen plans de igualdade. O de Ribadeo está en proceso de avaliación e estase iniciando un segundo plan de igualdade. Relacionado co eido laboral, dende o ano 2005, cando se iniciou a concellería de Muller, fixéronse actividades de sensibilización para tratar de favorecer o emprendemento feminino.

Quere poñer de manifesto a importancia da transversalidade, xa que non se pode conseguir a igualdade se non se traballa no ámbito laboral, no ámbito educativo, do ensino, do emprego...

Considera que a situación da muller cada vez está máis agravada, e deberíase insistir en que non se desmantelen as políticas de igualdade que se estaban levando a cabo e se teñan en conta as reformas que se están implantando, xa que a reforma laboral foi nefasta para as mulleres, porque 30 mulleres en Galicia perden o seu emprego cada día. Tamén se refire ao desmantelamento dos servizos públicos, sanitarios, do peche dos centros de orientación familiar que repercuten negativamente na vida das mulleres, o incremento das taxas de gardería, na lei de dependencia etc. Indica que non se pode permitir nin un paso atrás, sendo do signo político que se sexa, se queremos loitar pola igualdade en políticas sanitarias, educativas e ter en conta a reforma laboral.

Anuncia o seu apoio á moción e reitera que dende o concello faise o que se pode, aínda que están un pouco na liña do que se reivindica.

A Sra. González Loredo responde ao Sr. Reymóndez Gancedo que transmitirá as súas queixas a quen redactara a moción. Ironiza dicindo que pode facer un informe para que o contraten a él.

O Sr. Reymóndez Gancedo contesta que xa ten traballo.

A Sra. González Loredo cre que el tamén podería ter presentado unha moción e contaría co apoio do PP, en lugar de vir desfacer a dos demais.

O Sr. Reymóndez Gancedo di que se preocupa por traballar e ven ao pleno con argumentos.

A Sra. González Loredo pretende sacarlle ferro. Contesta á concelleira de Igualdade dicindo que Ribadeo é un concello no que, dende fai moitos anos, se está promovendo a Igualdade, así como dende a Xunta e dende o goberno do Estado, polo que a moción o que pretende é intentar acadar un consenso para afondar máis no tema e que todos remen na mesma dirección.

Está de acordo en que os recortes que están padecendo pasarán factura en temas que se tiñan acadado no eido da muller, pero esperan que non sexa así. Cre que o que poden facer é continuar acometendo accións deste tipo, tanto na Xunta como no goberno do Estado. Agradece o apoio á moción.

A Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, en votación ordinaria, acorda prestar a súa aprobación a esta moción.

A continuación toma a palabra a Sra. López-Braña Freije, concelleira do grupo municipal do PP, para manifestar que quere presentar, ao amparo do artigo 91.4 do Regulamento, unha moción de urxencia sobre o tema da rúa San Lázaro ata a ponte da vía do tren, no tramo da estrada de Vilela.

Explica que ese día chegou ás cinco e media da tarde e non houbo un desastre nesa rúa de casualidade, xa que chovía e os coches aparcaban onde podían e un neno saíu dun coche e non pasou nada de casualidade. Considera que a situación desa rúa é reiterativa, que se está convertendo nunha vía alternativa de circunvalación, xa que os coches entran por Vilar cruzan e van saír ao Parador.

O tráfico é constante, a cantidade de usuarios da piscina, as actividades deportivas do campo de fútbol, a densidade de veciños, os colexios etc. cre que é un perigo. Apoia ao alcalde cando di que se manifestaría se non amañaban a autovía polo perigo que supón.

Cre que este tema si que é un perigo porque os colexios están aí e esa é a razón pola que presenta a moción. Cre que a Deputación provincial está en actitude pasiva e non dubida que o Sr. Alcalde fixera xestións, pero non dan solución. Cre que a responsabilidade vai ir ao concello. Formula a moción e se non se considera urxente quere que quede aí. Solicita que a Corporación municipal acorde dirixirse á Deputación Provincial, pide que a titularidade da competencia dese tramo de vía se ceda ao concello, xa que non hai que esperar a que pase o accidente para preocuparse. Di que é cuestión de que na Deputación vexan que hai un acordo de tódolos grupos. Se non pode, pretende que dea cartos e o concello busque unha solución. Sinte traer a moción así rápido e correndo, pero é algo evidente porque é unha estrada moi frecuentada.

O Sr. Alcalde manifesta que está de acordo no fondo da moción. Non ten problema en tratar a moción.

O Sr. Gutiérrez Fernández considera que se o problema é tan constante, por unha tarde que chove, non se pode xustificar a urxencia. Ve o don da oportunidade. Manifesta que quere ler a moción e consultala. Non está a favor da urxencia.

O Sr. Alcalde intervén de novo e comenta que se ten indicado por escrito a conveniencia de que a Deputación fixera unhas beirarrúas, sabendo que hai un lío de límites de muros considerable. Ten dúbidas sobre a propiedade, porque para facer un muro o concello, antes de dar licenza, pide ao propietario que retranquee, que asine unha acta e que ceda o resto. Ten dúbidas na estrada da Deputación, pero está a favor de construír beirarrúas e coller o que faga falta. Pon como exemplo que hai veciños que din que si pero despois non queren que lle toquen os seus mirtos.

Continúa o Sr. Alcalde indicando de que a finais de xaneiro enviou ao Servizo de Vías e Obras da Deputación Provincial un informe técnico sobre a necesidade de reparación urxente deste tramo. Posteriormente falou por teléfono e dixéronlle que tomarían medidas en canto parara de chover. Advertiúlles que tanto nunha vía como na outra había fochas graves e perigosas. Faloulles de retomar o tema de que lles cederan ese tramo, pero con diñeiro a cambio. Explica que recentemente recibiu un convenio de Portos de Galicia para que o concello asuma a vía de Buenos Aires e outra a cambio de nada, pero considera que ten que ser a cambio de algo, para poder reforzalo. Está de acordo pero ten dúbidas sobre o procedemento. Confía na boa fe e que cre que é perigoso.

Acepta a motivación da moción porque están traballando nese aspecto e agradácelle á Sra. López-Braña que a presente por rexistro e comprométese a levala a pleno.

## **ROGOS E PREGUNTAS.**

### **ROGOS E PREGUNTAS DO PSG-PSOE.**

O Sr. Gutiérrez Fernández, concelleiro do PSdG-PSOE no Grupo Mixto, pregunta se o concello dispón de algún control que, con carácter periódico, faga a empresa Aquagest respecto á salubridade e sanidade da auga, xa que dende hai tempo chegaronlle queixas nese sentido, porque hai persoas que dispoñen de filtros especiais e o que aparece alí parece que supera toda a medida. Comenta que en determinadas zonas da vila cando chove a auga sae con olor a podre. Pregunta se o concello ten información puntual deses controis de calidade.

O Sr. Alcalde entende que hai controis periódicos, pero non sabe se son diarios ou semanais, tanto pola empresa como polo servizo autonómico, porque ás veces mandan faxes de algunha incidencia, e el sempre indica que se dea traslado a Aquagest, como por exemplo algún parámetro alterado. Comenta que fai anos, no rego de Remourelle, houbera un verquido e informouse de que había que cortar o subministro, polo que os propios informes xa indican o que hai que facer. Explica que hai sitios nos que se move tan pouco o circuíto de auga que o cloro non chega ao final, porque hai pouco aboados. Tamén o ten notado na súa propia casa. Comprométese a informarse da obrigatoriedade que ten a empresa para presentarllelo.

O Sr. Gutiérrez considera que a mellora da calidade tamén é importante e que cumpran as condicións en canto a salubridade, dende o punto de vista dos usuarios. Fai un rogo relativo a unha placa do paseo marítimo que lembra unha data na que foi inaugurada a mellora, di que está toda pintada. Refírese á que hai no medio do paseo que foi inaugurado polo Ministro Jaume Matas, polo que se está convertendo en reclamo turístico. Cre que a persoa finalmente non foi á inauguración e pensa que esa placa se debe retirar.

O Sr. Alcalde manifesta que llo comentaron varias persoas e é consciente. Estudará o rogo.

## **ROGOS E PREGUNTAS DE UPRI.**

O Sr. Reymóndez Gancedo, concelleiro de UPRI no Grupo Mixto, que felicita ao equipo de goberno porque taparon as fochas da autovía A8, non sabe se foi grazas ao alcalde. Pregunta se non se pode tapar unha focha na estrada de Vilela.

O Sr. Castro Reigosa, concelleiro delegado de Obras, informa que van esperar a que pare de chover e van tapala con zahorra, mentres que a Deputación non o amaña.

O Sr. Alcalde cre que hai tres lugares graves, aí, na avenida Rosalía de Castro e no Paseo Marítimo e teñen advertido a Costas para que o amañe, aínda que din que non é cousa deles.

O Sr. Reymóndez Gancedo fai un rogo relativo á estrada de Vilela, xa que a certas horas da tarde, dun lado e doutro desa vía hai coches aparcados. Cre que é un conflito de tránsito porque hai xente que vai á piscina e déixao aí, polo que cando pasa un camión fórmanse colas. Parécelle que a policía local si que ten competencia para regular.

O Sr. Alcalde cre que se pode dicir á Deputación que pinte unha liña amarela, pero ben sabe como son as cousas.

O Sr. Reymóndez cre que a policía pode multar.

O Sr. Alcalde indica que se estudará o rogo.

O Sr. Reymóndez Gancedo pregunta a continuación por un escrito de SEPES solicitando o cumprimento da cláusula 8 do convenio de colaboración urbanística que establece a obriga do concello de organizar unha compensación equivalente ao importe dos impostos que a mesma debe satisfacer ao concello, referíndose ao IAE. Indica que o texto refundido é do 2004. Pregunta se isto afectará negativamente aos prezos do polígono.

O Sr. Alcalde informa que as tarifas que teñen son as que se fixaron en función do que lles custou facelo e a política de prezos márcana para tódolos polígonos.

O Sr. Reymóndez Gancedo refírese ás escolas deportivas de ximnasia rítmica e de artes marciais, onde os rapaces teñen que pasar dende a piscina por un camiño por detrás do campo de fútbol. Hai queixas de que non teñen luz para pasar ao pavillón e certa alarma social porque o muro do campo de fútbol está rachado e un día pode caer. Pide que poñan unha luz para que os cativos

poidan ver cando pasen ao pavillón, facer unha limpeza e analizar se ese muro está seguro ou pode provocar un accidente.

O Sr. Castro Reigosa comenta que non teñen que pasar obrigatoriamente por ese camiño, senón que algúns van por comodidade, pero as instrucións son clarísimas e deben ir por detrás da tribuna do campo de fútbol, que é por onde hai luces e acceso en formigón ao pavillón. Cre que non valen as queixas cando se habilitou polo campo de fútbol. Admite que é verdade que caeu un cacho de muro cando choveu e fixo vento, pero xa se reparou e retirou. Informa que solicitaron autorización á Consellería para facer unha baixante ao muro, pero houbo cambio da dirección do aparelador na Dirección Xeral de Educación e non está a mesma persoa coa que se puxo en contacto. Querían pechar para que non se accedera coa tribuna do campo de fútbol e darlle un acceso máis decente por dentro, porque é un foco de pintadas. Indica que de momento non contestaron, porque o responsable prexubilouse pero hai outro que ten que retomar o tema, e aínda non se recibiu nada.

O Sr. Reymóndez Gancedo pregunta se non se pode impedir o paso pechándoo de maneira provisional.

O Sr. Castro Reigosa indica que non é do concello senón de Educación.

O Sr. Alcalde considera que hai que mandar un novo escrito e mirará de resolver o problema.

### **ROGOS E PREGUNTAS DO PP.**

A Sra. López-Braña Freije, concelleira do grupo municipal do PP, agradece a explicación que deu o concelleiro de Mocidade de gobernar en asemblea e non sabe se se vai trasladar a outras concellarías. Cre que se pode gobernar con outros sistemas pero con cartos do concello de Ribadeo, que deben estar sometidos a un control. Parécelle moi ben que se anime á xuventude pero pregunta quen coordina estas actividades e se percibe algunha remuneración, como se convoca aos mozos a esas asembleas, se os mozos que participaron en Culturgal reciben algunha remuneración directa, cales son os criterios e as normas, xa que aínda que sexa asemblea aberta, á hora de participar e decidir haberá unhas normas de funcionamento, quere saber onde están e quen é o responsable.

O Sr. Campos López, concelleiro delegado de Mocidade, prefire responder unha por unha as preguntas. Indica que as actividades de Sonda Norte coordínanse polo conxunto das persoas que forman Sonda Norte de maneira aberta, xa que pode ter 40 membros nun momento e 60 noutro, porque as actividades decídense nas reunións abertas que van tendo lugar.

En referencia á cuestión administrativa a responsabilidade última recae no concelleiro, na medida en que a maioría das actividades son sufragadas con

diñeiro público, polo que non deixa de ser un programa municipal, que se fai dende unha perspectiva de consultar á xente á que se dirixen os programas qué tipo de iniciativas é conveniente desenvolver para apoiar o talento e creatividade da xente nova de Ribadeo.

A Sra. López-Braña Freije cre que ten que haber alguén que se encargue de dicir e coordinar as actividades.

O Sr. Campos López manifesta que dependendo do momento e do proxecto coordínoa unha persoa ou outra. Na cuestión administrativa él mesmo é o responsable e na coordinación práctica hai coordinadores de cada un dos proxectos e, en xeral, coordina a persoa que leva a oficina de información xuvenil.

A Sra. López-Braña Freije refírese a Lucía Sánchez Canoura.

O Sr. Campos López matiza que esta persoa foi a substituta de Verónica Fernández na OMX.

A Sra. López-Braña Freije pregunta polo proceso de selección desta persoa.

O Sr. Campos López contesta que foi o que correspondeu no seu momento.

A Sra. López-Braña Freije dí que quere saber como se convoca á xente a esas asembleas e onde están as normas, porque parece un círculo pechado.

O Sr. Alcalde intervén para aclarar que tanto un coma o outro son concelleiros e a oposición ten dereito a preguntar e o concelleiro de Mocidade, se o estima conveniente, pode contestar no momento ou no próximo pleno, incluso pode formular máis preguntas porque non hai límite, pero non hai debate entre as preguntas.

O Sr. Campos López pide á Sra. López-Braña que lle corresponda coa mesma actitude, xa que él escoitou o que dixo. Dálle a impresión de que ela está habituada a outro tipo de dinámicas e non a deixar responder. Repite que non ten problema en responder a todas as preguntas por separado, xa que todas elas teñen resposta, pídelle que non o interrompa.

A Sra. López-Braña Freije repite a pregunta de cómo un mozo de Ribadeo pode saber que hai asembleas e actividades nas que pode participar, sen moverse nuns ambientes concretos.

O Sr. Campos López informa que as actividades normalmente aparecen convocadas en tódolos medios de comunicación porque se fan roldas de prensa, tamén hai un grupo de facebook aberto, no que se colgan todas as actividades.

Está conformado por unhas 60 persoas que se comunican por correo electrónico. Comenta que Ribadeo ten 10.000 habitantes e polo tanto calquera persoa interesada en participar pode falar con calquera outra que xa é membro e lle informa da próxima reunión. Cre que é sentido común, e nos últimos meses xente que nunca participara nas asembleas preguntoulle pola rúa, ou por facebook e apareceu polas reunións.

A Sra. López-Braña quere saber como seleccionan ás persoas que van a Cultural, quen decidiu que artistas foron.

O Sr. Campos López contesta que se decidiu na reunión previa e foi decisión das persoas alí presentes. Informa que non ten a acta, pero que o próximo día pode levala ao pleno.

A Sra. López-Braña Freije pide que se aporten as actas que vaia habendo.

O Sr. Campos López manifesta que considera que non ten porqué haber actas, xa que Sonda Norte é un programa municipal e non unha asociación constituída legalmente, con unha forma de funcionar aberta, que manexa 15.000€ que saen dun convenio asinado entre o Concello de Ribadeo e a Deputación de Lugo. Admite que el se fai responsable político de todas as actividades que teñan que ver con Sonda Norte, non do contido porque se decide en conxunto por parte das persoas que a forman. Informa que ningunha das actividades de Sonda Norte é escollida polo concelleiro, senón que todas son decididas polo conxunto das persoas que forman Sonda Norte.

O Sr. Valín Valdés, concelleiro do grupo municipal do PP, lembra un momento do pleno anterior cando, de forma irrespectuosa, non se lle deixou falar. Invita á xente a que vexa a acta porque ten unha redacción moi curiosa xa que recolle sucintamente o que sucedeu. Relata que pediu a palabra 30 segundos para rogarlle ao señor alcalde que cos orzamentos do ano que ven se entregue a documentación un pouquiño antes para poder estudalo mellor.

Considera que van ao pleno coa idea premeditada de montar “bullas”.

Refírese a un rogo que dirixe ao Alcalde e aos membros da oposición. Fala dun documento que se lles entrega fai uns días no que colaboran, que asisten a xornadas que organiza un partido político porque lles parece interesante, pero parécelle unha falta de respecto que se filtre o documento á prensa, como xa pasou co tema da residencia da terceira idade e cre que aí si tivo máis responsabilidade o goberno. Roga que se respecte aos grupos políticos neste tipo de reunións.

O Sr. Alcalde, sobre o tema de As Catedrais, está de acordo coa oposición porque lle parecían interesantes as achegas que había encima da mesa e cre que están diante dunha oportunidade histórica. Admite que el mesmo foi o primeiro sorprendido cando o domingo viu unha páxina enteira na prensa. Gustaríalle xuntarse, dentro de tres ou catro días, para falar sobre o



documento. Respecto ao tema da residencia, o Sr. Alcalde asegura que non foi consciente de dicir nada novo que non dixera á oposición na última comisión. Indica que noutro medio de comunicación fixéronlle unha serie de preguntas, pero a modo de recordatorio, o que pasa que hai un tratamento da noticia que da a sensación de que é exnovo pero non é. Ás veces fíltranse cousas, pero aí non foi así e sínteo e pide desculpas se se interpretou así, xa que non foi a súa intención.

O Sr. Valín Valdés fai un terceiro rogo relativo a varios veciños da rúa Suso Peña, xa que hai unha placa que antes poñía travesía e agora pon rúa, aínda que non teña maior importancia.

O Sr. Alcalde matiza que a rúa é a que se ve dende San Lázaro, e a travesía é a outra.

O Sr. Valín Valdés pide que se teña máis respecto nos plenos, concretamente a él mesmo, xa que non ven con ningunha intención de romper ningún pleno, senón que quere buscar o mellor para os veciños.

Dí que non vai consentir que se lle falte ao respecto, haxa regulamento ou non, e que se venda nos medios de comunicación que é o mesmo de sempre ou o grupo dese voceiro o que rompe os plenos. Aclara que dende a discusión previa non está a gusto onde está e houbérase ido encantado o día que lle cortou a palabra, porque el non o faría.

Admite que él mesmo pode ser moi impulsivo pero non faltaría ao respecto, polo que reitera que non se lle falte ao respecto, que non o vai consentir nin institucionalmente, nin persoalmente.

O Sr. Campos López quere facer un rogo neste sentido. Comenta que dende os últimos plenos ven asistindo, con certa preocupación e tristeza, ao deterioro progresivo da forma na que se dan os debates e plenos no concello. Dálle pena sobre todo porque leva pouco tempo na corporación e se de algo presumía era de que en Ribadeo sabían levar os debates coa dureza, firmeza e contundencia que fora necesario, pero dende o respecto mutuo. Cre que isto se perdeu e cada vez é máis evidente nos últimos plenos.

Considera que isto se traslada cara a fóra cunha crispación que vai en aumento. Non quere polemizar sobre esta cuestión, e menos nese momento. Pide, sen sinalar a ninguén, que cadaquén nas súas casas se fagan responsables das súas actitudes nos plenos, das súas declaracións nos medios, das súas acusacións graves e falsas que se fan sobre persoas que forman parte desta corporación, xa que iso non axuda a un clima de confrontación democrática e lexítima de ideas.

Cre que houbo plenos nos que ao día seguinte se formularon acusacións gravísimas ao alcalde e concelleiros da corporación, como que coartan a liberdade de expresión, que converte isto nunha ditadura, o cal non axuda ao bo desenvolvemento dos plenos. Ten habido acusacións moi graves que se demostraron que son falsas, sobre persoas que forman parte desta corporación municipal, polo que pensa que hai que facer autocrítica sobre o tema, como por

exemplo cando se acusa a dúas concelleiras de determinadas actitudes e se demostra publicamente que non é certo, algún tipo de autocrítica terá que facer o partido dende o que saen esas acusacións, para non sorprenderse de que se xere crispación nos plenos. Parécelle que todos teñen algo que dicir. Comparte plenamente a incomodidade que senten todos os concelleiros do goberno en moitas ocasións.

A Sra. López-Braña Freije considera que non pode ser que traia ao pleno conversas de xente de fóra. Pide desculpas por interromper.

O Sr. Campos solicita poder rematar a súa intervención. Quere dicir, sen acusar a ninguén, porque todos teñen a súa parte de responsabilidade, que todos deben procurar corrixir as súas actuacións porque a imaxe que se traslada do conxunto do concello non é boa e vai en detrimento de todos. A nivel político está disposto a partir a cara nun debate, pero a nivel humano está seguro que a ningún concelleiro lle gusta a forma na que se están dando os debates dos últimos plenos. Pide vontade para corrixilo.

O Sr. Valín Valdés aclara que, como portavoz do PP, non se fai responsable do que poidan dicir nos medios de comunicación outros membros do seu partido. Cre que non é sospeitoso de ser ovella que vai detrás dos seus. Comenta que a outros niveles él e o concelleiro de Mocidade teñen unha relación moi boa dende fai moito tempo aínda que se poidan cabrear. Pide que entendan que é un pleno tras doutro e sempre é o mesmo o que supostamente rompe os plenos e considera que non é así.

O Sr. Campos López admite que non ten ánimo de polemizar e como, no fondo están de acordo, simplemente solicita que fagan propósitos de levalo a cabo no futuro todas as persoas que forman parte da corporación.

O Sr. Valín Valdés quere que se teña en conta que se o Sr. Jorquera fala mal del, ao día seguinte el non llo vai dicir ao Sr. Campos, senón ao Sr. Jorquera. Pono como exemplo para que entenda o que acaba de dicir.

O Sr. Campos López cre que ten que asumir que iso ten consecuencias.

E sen mais asuntos que tratar, non sendo outro o obxecto da sesión, o Sr. Alcalde-Presidente levánta a mesma sendo as vintedúas horas e cincuenta minutos, estendéndose a presente acta, do que eu Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL,